

COMUNICADO ÁS FAMILIAS

Sábado , 27 de febreiro de 2021

CAMPAÑA DE VACINACIÓN DOS EQUIPOS EDUCATIVOS DOS CENTROS ESCOLARES

Prezadas Familias:

Dende mediados desta semana está en marcha o proceso masivo de vacinación dos equipos educativos (persoal docente e non docente) dos centros educativos de Galicia. Nas vindeiras xornadas os mestres e mestras dos centros públicos de Vigo estamos convocados para recibir a primeira dose da vacina. Esta convocatoria é un proceso que dirixe e organiza a Consellería de Sanidade ao que nós somos alleos e condicionado, en todo caso, á dispoñibilidade das vacinas. Os equipos directivos descoñecemos cunha certa antelación que profesorado vai ser chamado para vacinar e, polo tanto, temos que ir día a día organizando os equipos docentes para suplir as baixas do profesorado, que nun numero importante está a sufrir efectos secundarios que imposibilitan estar nunhas condicións de saúde óptimas para exercer o seu traballo docente. Como consecuencia, os equipos educativos presentes nos centros, é moi posible, que estean reducidos ao longo destas xornadas da campaña. Esta incidencia, esperamos, que se normalice ao longo da vindeira semana. En todo caso, o alumnado estará debidamente atendido.

Agradecemos a vosa comprensión neste proceso esperado e que redundará en beneficio de todos e todas.

Moitas grazas e moita saúde

-O Equipo Educativo do CEIP PLURILINGÜE PÁRROCO DON CAMILO
